

29 de xullo

VIVRE SA VIE: UN FILM EN DOUZE TABLEAUX



Director: Jean- Luc Godard

Intérpretes: Anna Karina, Sady Rebbot

Francia, 1963 - 83 min

(V. O.S. en castelán)

NON RECOMENDADA PARA MENORES DE 13 ANOS

Formato: DVD

Unha nova vinteañeira de provincias abandona o seu marido e o seu fillo para intentar iniciar unha carreira como actriz en París.

Godard entrega a que quizais sexa a súa película máis bela: sen deixar de lado a experimentación, o filme é unha sentida homenaxe á súa musa e compañeira Anna Karina.

* Coloquio con **Ángel Santos**: licenciado en Cinematografía alterna curtas e longas, ficción ou ensaio documental; actividade que compaxina actualmente co ensino. Acaba de estrear *Las altas presiones* e no Festival de Cine Europeo de Sevilla (SEFF) obtén o Premio Novas Olas ao mellor filme europeo na súa categoría.

30 de xullo

TWIN PEAKS: FIRE WALKS WITH ME

Director: David Lynch

Intérpretes: Sheryl Lee, Ray Wise

Estados Unidos, 1992 - 129 min

(V. O.S. en castelán)

NON RECOMENDADA PARA MENORES DE 13 ANOS

Formato: DVD

Precuela da famosa serie televisiva Twin Peaks na que percorremos os últimos sete días de Laura Palmer. Durante o día, Laura é unha popular estudante modelo no instituto. Pola noite asfíxiase entre drogas e sexo ata a adicción.

Unha película extravagante, perturbadora e percorrida por unha fermosa tristura que nace de coñecer o destino inexorable de Laura Palmer.

* Coloquio con **David Bizarro**: xornalista musical e cultural, leva varios anos exercendo e escribiu para medios como *El País* e multitude de revistas. Tamén escribiu o prólogo de *Una infancia: biografía de un lugar*, de Harry Crews.

HORARIOS: mércores e xoves 22:30 h

ENTRADAS: 3.00 €

(Carné xove, +65 anos ou persoas desempregadas, 2.00 €)

DESPACHO DE BILLETES : media hora antes de cada función

VENDA ANTICIPADA: no ambigú, de luns a mércores (de 10:30 a 13:30 e de 16:30 a 19:30 h)

HALL

CINENTERRAZA

CULT- MOVIES; AÑO TRES

Un verán máis, o vestíbulo do Fórum Metropolitano volve a abrir as súas portas a un ciclo de cine que non entende de xéneros, décadas nin nacionalidades: os únicos requisitos son a calidade das películas, a valentía das propostas e o impacto causado no público no seu día, que os anos non fixeron máis que amplificar.

Un cine-chave que camiña por sendeiros pouco transitados lles mostra novos camiños aos cineastas que virían despois.

Despois da fundacional I' walked with a zombie, de Jacques Tourneur, ata a estrondosa ópera prima de Xavier Dolan, J'ai tué ma mère, proxectaremos en pantalla grande e baixo a luz das estrelas, películas que incitan ao debate apaixonado.

Para iso, contaremos cun grupo excepcional de convidados de diversas áreas da Cultura cos que charlaremos tras proxectar cada película.

Con nocturnidade e aleivosía...

BENVIDAS/OS AO CINE !

JAVIER TRIGALES

8 de xullo

VARGTIMMEN

Director: Ingmar Bergman

Intérpretes: Bertil Anderberg, Erland Josephson

Suecia, 1968 - 89 min

(V. O.S. en castelán)

NON RECOMENDADA PARA MENORES DE 13 ANOS

Formato: DVD

Nunha illa, viven os Borg: Johan, que é pintor, e a súa muller Alma. Os seus veciños posúen un círculo de amizades tan arrepiente que Johan comeza a obsesionarse coa idea de que os demos o acosan.

A película de Bergman é un compendio das súas obsesións: as relacións tóxicas, o sufrimento da creación artística e o horror existencial. Pero ante todo é unha das películas máis aterradoras que se recordan: surrealismo e satanismo salpican as imaxes dun pesadelo cheo de personaxes grotescos e demoníacos. Unha experiencia inesquecible para o espectador.

* Coloquio con **Estibaliz Espinosa**: escritora, músico filóloga e socióloga de formación. Da súa curiosidade polos puntos comúns entre literatura e ciencia, xorde a súa obra literaria, como o poemario *Curiosidades*.

Escrebe relatos, artigos, guións e tece redes desde a rede www.estibalizespinosa.com. Obtivo varios premios e foi traducida a diversas linguas.

FORUM METROPOLITANO



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña



9 de xullo

J'AI TUÉ MA MÈRE



Director: Xavier Dolan
Intérpretes: Anne Dorval, François Arnaud
Canadá, 2009 - 96 min
(V. O.S. en castelán)
NON RECOMENDADA PARA MENORES DE 16 ANOS
Formato: DVD

Un adolescente desenvolve pouco a pouco un odio visceral cara á súa nai, unha muller moi pasiva que lle transmite sentimentos de culpa.

Ópera prima do enfant terrible do cine francés Xavier Dolan. A película é un furioso retrato dun rebelde sen causa, rodada cunha paixón e desmesura só concibible en alguén que nos fala desde o vértice da adolescencia.

* Coloquio con **Félix Fernández**: artista multidisciplinar. Licenciado en Belas Artes. Os seus proxectos foron apoiados por institucións españolas como Gas Natural FENOSA, La Casa Encendida ou a Casa de Velázquez. A súa obra viuse internacionalmente en cidades como Berlín, Nova York, Washinton DC, Túnez, París, Roma, Seattle, Bogotá, Caracas, Tokio e Beijing, entre outras.

15 de xullo

PICKPOCKET

Director: Robert Bresson
Intérpretes: Martin LaSalle, Marika Green
Francia, 1959 - 75 min
(V. O.S. en castelán)
NON RECOMENDADA PARA MENORES DE 13 ANOS
Formato: DVD

Michel é un carteirista que non rouba por necesidade como tampouco o fai por vicio; non é cleptómano, rouba para darse a si mesmo un valor, porque o roubo é o medio de expresar os seus sentimentos.

O cine de Robert Bresson é un dos máis persoais que existen. A economía de medios coa que traballa é proporcional á pureza das súas formas e dos seus resultados artísticos, logra unha beleza e perección que o achegan a outros cineastas como Ozu ou Dreyer.

* Coloquio con **Javier Martín**: bailarín e coreógrafo, coordina un proxecto de investigación de corte epistemólogo en torno ás artes do movemento e a creación de discurso e aplicacións deste.

16 de xullo

LA STRADA

Director: Federico Fellini
Intérpretes: Anthony Quinn, Giulietta Masina
Italia, 1954 - 110 min
(V. O.S. en castelán)
NON RECOMENDADA PARA MENORES DE 13 ANOS
Formato: DVD

Cando Zampanó, un artista ambulante, enviúva, compra a Gelsomina, a irmá da súa muller; sen que a nai da rapaza opoña a menor resistencia. Malia o carácter violento de Zampanó, a rapaza séntese atraída polo estilo de vida nómade, sempre na rúa.

* Coloquio con **Jorge Coira**: no ano 2002 realizou a súa primeira longametraxe *Entre Bateas* e aos dous anos estreou *El año de la garrapata*. A súa seguinte longametraxe *18 comidas* obtivo varios premios. Jorge Coira traballou en televisión como director de series e documentais. Nestes momentos prepara a serie "**Hierro**".

22 de xullo

MYSTERY TRAIN



Director: Jim Jarmusch
Intérpretes: Masatoshi Nagase, Youki Kudoh
Estados Unidos, 1989 - 105 min
(V. O.S. en castelán)
APTA PARA TODOS OS PÚBLICOS
Formato: DVD

A cidade de Memphis é o escenario para as tres historias que conforman esta película. Tres historias que teñen máis que ver entre si do que parece á primeira vista.

O máis roqueiro e cool dos cineastas fai a súa particular homenaxe ao "Rei" Elvis Presley a través dunhas historias cargadas de humor marciano, melancolía e poderío visual.

* Coloquio con **SÉS**: María Xosé Silvar é unha cantautora. Licenciada en Filoloxía Galega e Antropoloxía Social, empezou a súa carreira na música coa banda *Chámalle Xis!* En 2007, foron uns dos gañadores do concurso A Coruña Son. Xa en solitario, grava tres álbums de estudo: *Admirando a condición*, *Co xenio destrozado* e *Tronzar vos valos*, o seu último traballo, deste mesmo ano.

23 de xullo

I' WALKED WITH A ZOMBIE



Director: Jacques Tourneur
Intérpretes: James Ellison, Frances Dee
Estados Unidos, 1943 - 69 min
(V. O.S. en castelán)
TODOS OS PÚBLICOS
Formato: DVD

Unha enfermeira canadense é contratada polo terratenente dunha plantación azucreira nunha illa caribeña de San Sebastián, para que coide a súa esposa, que está nunha especie de estado catatónico; os habitantes do lugar din que é un zombie...

Mestura maxistral entre o horror ancestral e o arrebatado romanticismo; o director de *La mujer pantera* constrúe unha historia en entresoño que bebe do Jane Eyre, de Charlotte Brönte e que posúe varias das escenas máis fascinantes da historia do cine fantástico.

* Coloquio con **Ángel de la Cruz**: director e guionista de *El bosque animado* e *El sueño de una noche de San Juan*, gañadoras de senllos premios Goya. Escribiu, produciu e dirixiu *Los muertos van deprisa* e foi guionista de *Arrugas*, premio Goya 2012 ao mellor guión adaptado. O seu último traballo como guionista foi *No hay más remedio*, de José E.Pintor.